

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 10 DE XUÑO DE 2021, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO

DECRETOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Decreto polo que se concede a Medalla Castelao 2021.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urgente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción: Fomento da mobilidade sostible. Senda na PO-308. Treito: Fontenla-Combarro. Puntos quilométricos 3+500-5+150, de clave PO/16/257.06 no Concello de Poio.
- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urgente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción: Mellora de seguridade viaria (MSV) no entorno do tramo de concentración de accidentes (TCA) na estrada PO-308, punto quilométrico (p.q.) 3+500-5+100, Fontenla, de clave: PO/19/053.06, no Concello de Poio.
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade da estrada PO-190, entre o punto quilométrico 0+550 e o punto quilométrico 1+280, a prol do Concello de Valga.

CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

- Decreto polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2022.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto de carácter plurianual para o financiamento das bolsas ao abeiro da orde da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión das bolsas de formación de persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 por un importe total de noventa e oito mil seiscentos euros (98.600 €).
- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto de carácter plurianual para o financiamento das axudas ao abeiro da orde da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación e se procede á súa convocatoria por un importe total de cinco millóns de euros (5.000.000 €).

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

- Acordo polo que se autoriza a realización de pagamentos anticipados do 100% da subvención para os proxectos que rematen en 2021 e en 2022, e de ata o 80% para aqueles que o fagan en 2023, a superación do límite do 80% nos pagamentos anticipados e á conta e a exención da presentación de garantías para eles, establecidos nas bases reguladoras e na convocatoria de 2021 das axudas para o financiamento de proxectos de I+D+i relacionados coa COVID-19 que favorezan a recuperación e a transición dixital das pemes galegas (programa Conecta Covid), cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) dentro do programa operativo Feder Galicia 2014-2020 como parte da resposta da Unión á pandemia da Covid-19, por importe de catro millóns de euros (4.000.000 €).

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo polo que se aproba a Estratexia galega de intelixencia artificial 2030.

CONSELLERÍA MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Instituto de Estudos do Territorio da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a Federación Galega de Municipios e Provincias e os concellos de Ames, As Pontes, Cee e Coirós para o desenvolvemento do Programa de apoio cartográfico a concellos, por un importe de douscentos oitenta e tres mil noventa e cinco euros con quince céntimos (283.095,15 €).
- Acordo polo que se aproba o Plan galego de cartografía e información xeográfica.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Muíños para a mellora do saneamento en varios núcleos de poboación do concello de Muíños (Ourense), susceptible de financiamento pola Unión Europea no marco do eixo React UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE á pandemia da Covid-19, por importe de douscentos vinte e cinco mil euros (225.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Beariz para a renovación da rede de abastecemento en Magros, concello de Beariz (Ourense), susceptible de financiamento pola Unión Europea no marco do eixo React UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE á pandemia da Covid-19, por importe de cento cinco mil euros (105.000 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Fundación Empresa-Universidade Galega (Feuga), para impulsar os programas de posicionamento europeo, a rede de centros de investigación e o proxecto Galicia 2030 no Sistema universitario de Galicia (SUG), por un importe total de dous millóns cento corenta e dous mil cento sesenta e tres euros (2.142.163 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao convenio de cooperación entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia e a Comisión de Intercambio Cultural, Educativo e Científico entre España e os Estados Unidos de América (Comisión Fulbright), para a incorporación de auxiliares de conversación para o curso 2021/22 por un importe total de catrocentos sesenta e tres mil oitocentos euros (463.800 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo das bases de colaboración entre o Ministerio de Educación e Formación Profesional e a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, para dotar de auxiliares de conversa centros educativos e escolas oficiais de idiomas da Comunidade Autónoma de Galicia, e se autoriza a plurianualidade do gasto nel previsto, por un importe total de tres millóns cincocentos trinta e cinco mil oitocentos euros (3.535.800 €).

CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Emprego e Igualdade para establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao recollido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Orde pola que se

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

establecen as bases reguladoras do programa do bono das persoas autónomas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021, por un importe de cinco millóns cincocentos mil euros (5.500.000 €).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Universidade de Santiago de Compostela, para a aplicación da gratuidade da atención educativa para segundos/as fillos/as e sucesivos/as na escola infantil 0-3 Breogán. Importe: cento setenta e oito mil trescentos sesenta euros (178.360 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Deputación Provincial de Pontevedra, para a atención de menores no centro residencial Ciudad Infantil Príncipe Felipe en Pontevedra. Importe total: cinco millóns trescentos noventa e cinco mil setecentos catorce euros (5.395.714 €).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Informe sobre a entrada en funcionamento do seguro de asistencia en viaxe con cobertura Covid-19 para turistas e peregrinos.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

- Informe sobre o posicionamento internacional e a promoción, divulgación e captación de proxectos europeos para o Sistema universitario de Galicia 2016-2020. Proxectos aprobados 2016-2020.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da tramitación de emerxencia do expediente de contratación da adquisición urxente dunha ampla gama de material necesario para abordar con garantías as posibles consecuencias da onda infecciosa da Covid-19 na Área Sanitaria de Vigo, material para diagnóstico (probos PCR detección xenética, probos rápidas de detección Covid), unidades de reactivos auxiliares e material de microbioloxía e bioquímica, así como elementos de protección individual (batas, luvas, máscaras), durante o mes de abril de 2021, por un importe dun millón cincocentos trinta e nove mil catrocentos corenta e un euros, IVE incluído (1.539.441 €).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

- Informe sobre a creación do Rexistro de Familias Monoparentais.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre a formación nos centros de Agacal.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a afección dos polígonos de cultivo de mexillón de Galicia por biotoxinas mariñas no período 1998-2020.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONCEDE AS MEDALLAS CASTELAO A XOÁN LUÍS SACO CID, ESTHER EIROS, MANUEL VILA LÓPEZ E SANTIAGO PEMÁN, ADEMAIS DE AO CENTRO SUPERIOR DE HOSTELERÍA DE GALICIA

O Goberno galego recoñece a traxectoria dos condecorados nas súas profesións e no seu labor en beneficio da sociedade

O Consello da Xunta acordou hoxe dar o visto bo á entrega das Medallas Castelao ao presidente da Fundación Otero Pedraio, Xoán Luís Saco Cid; á xornalista galega Esther Eiros, ao tamén xornalista Santiago Pemán, ao fundador da Asociación de Promoción e Integración Xitana, Manuel Vila López, e ao Centro Superior de Hostelería de Galicia. Con estas condecoracións, o Goberno galego recoñece a traxectoria profesional e persoal dos condecorados e o seu labor en beneficio da sociedade galega.

A Xunta considera que Xoán Luís Saco Cid, presidente da Fundación Otero Pedraio, era merecedor deste recoñecemento polo seu traballo a favor da cultura galega tanto no eido das letras como da música. Manuel Vila López, pola súa banda, dedicou catro décadas da súa vida á integración das persoas de raza xitana, polo que o Goberno galego acordou outorgarlle tamén esta condecoración.

A condutora do programa *Gente viajera* de Onda Cero, a xornalista galega Esther Eiros, leva toda unha vida profesional exercendo como embaixadora de Galicia, un labor que seguirá facendo neste dobre Ano Santo 21-22. Como ela, Santiago Pemán dedicou boa parte da súa carreira a manter informados aos galegos, non só no referente á meteoroloxía, senón tamén noutros eidos vencellados á cultura.

Por último, o Centro Superior de Hostelería de Galicia, que leva 25 anos formando directivos e xestores para acadar os máis altos niveis de profesionalidade na gastronomía galega, recibirá o galardón por ser un centro de referencia en Europa que contribúe a facer de Galicia un exemplo en calidade turística e hoteleira.

A Medalla Castelao é unha condecoración de carácter civil outorgada pola Xunta de Galicia ás personalidades e institucións que destacan polo seu traballo no eido artístico, literario e intelectual.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA A EXECUCIÓN DUNHA SENDA E PARA A ELIMINACIÓN DUN TRAMO DE CONCENTRACIÓN DE ACCIDENTES NA PO-308, ENTRE FONTENLA E COMBARRO, EN POIO

- Estas dúas actuacións contan cun orzamento que supera os 1,65 millóns de euros nos cales se inclúe o pagamento dos predios necesarios para a execución das obras
- A senda executarase no treito de preto de 1,7 km desta vía, pola marxe esquerda, entre os puntos 3+500 a 5+150, e inclúe un pequeno treito na marxe dereita, entre a glorieta da VG-4.8 e o acceso ao IES de Poio
- Na intervención para incrementar a seguridade viaria en Fontenla melloraranse as interseccións para diminuír a velocidade neste treito da PO-308 e reducirase o número de xiros á esquerda entre os puntos quilométricos 4+700 e 5+600
- A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade procederá ao levantamento das actas previas e á licitación de ambas as dúas obras no segundo semestre deste ano
- A Xunta segue avanzando no desenvolvemento do Plan de sendas de Galicia que nesta estrada suma 19 km de novos itinerarios, dos cales 15 xa están executados
- O Goberno galego leva mobilizados 15,65 M€ nos últimos 5 anos na transformación histórica da PO-308, que se completarán a curto prazo con 2,14 M€ nas sendas e melloras da seguridade na contorna de Combarro

O Consello da Xunta autorizou hoxe as expropiacións para impulsar a execución das obras de construción dunha nova senda e para a eliminación dun treito de concentración de accidentes na estrada PO-308, entre Fontenla e Combarro, no concello de Poio.

O investimento que o Goberno galego destinará a estes dous proxectos supera os 1,65 millóns de euros e o obxectivo da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade é proceder ao levantamento de actas previas e á licitación das obras no segundo semestre do ano. Os traballos, que se desenvolverán de xeito coordinado, contan en ambas as dúas actuacións cun prazo de execución de dezaioito meses.

A execución da senda, nesta estrada de titularidade da Xunta de Galicia, desenvolverase pola marxe esquerda, entre os puntos quilométricos 3+500 a 5+150 e inclúe un pequeno treito na marxe dereita, entre o punto 3+500 e a intersección situada no 3+620, é dicir, entre a glorieta da VG-4.8 e o acceso ao IES de Poio.

O orzamento desta intervención rolda os 975.000 euros, nos cales se inclúe o pagamento dos 49 predios necesarios para levar a cabo este novo itinerario, que ten como finalidade fomentar unha mobilidade máis segura e sustentable.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

A senda, que discorre sensiblemente en paralelo á estrada autonómica, acada os preto de 1,7 quilómetros de lonxitude, terá un ancho mínimo variable de 2,2 metros, separado da calzada por un bordo de formigón, e irá elevada sobre esta 10 centímetros.

Construirase unha pasarela en voo no punto quilométrico 4+260 sobre o rego da Cancela e adaptarase a rede existente de drenaxe, abastecemento, electricidade e iluminación. Tamén se disporá a instalación de mobiliario urbano e distribuiranse zonas axardinadas con rega programada.

Ademais, entre as actuacións destaca a execución do novo itinerario na vía municipal de baixada á Seca, desde a intersección do punto quilométrico 4+350, e o novo paso de peóns, no 4+420.

Eliminación dun treito de concentración de accidentes

O deseño desta nova senda é complementario e desenvólvese de forma coordinada co proxecto de mellora da seguridade viaria na contorna do tramo de concentración de accidentes (TCA) na estrada PO-308, en Fontenla.

Así, o Goberno galego autorizou tamén hoxe o decreto de expropiacións deste proxecto, que se desenvolverá entre os puntos quilométricos 3+500 e 5+100. A actuación inclúe a mellora das interseccións no treito da PO-308 entre Fontenla e Combarro, a redución do número de xiros á esquerda entre os puntos quilométricos 4+700 e 5+600, para acadar unha diminución da velocidade nesas zonas.

Cabe salientar tamén a actuación na intersección do punto quilométrico 3+620, na marxe dereita, onde se executarán cuñas de desaceleración e aceleración; ou no punto quilométrico 3+770, tamén na marxe dereita, onde se actuará para ganar espazo para os xiros e que estes sexan máis seguros e menos bruscos.

Ademais, na intersección no punto 3+770, na marxe esquerda, disporase un sentido único e construírse unha pequena cuña de desaceleración; e na intersección entre os puntos 3+930 e 5+010 executaranse dúas glorietas.

O orzamento estimado nesta intervención supera os 676.000 euros, nos cales se inclúe o aboamento dos 30 predios necesarios para executar as obras.

A finalidade da Xunta é acadar a calma do tráfico mediante a construción de glorietas e a prohibición de xiros á esquerda, minimizando as afeccións e conseguindo unha importante mellora da seguridade viaria.

A transformación histórica da PO-308

Estas actuacións de mellora da seguridade viaria e da mobilidade terán a súa continuidade na senda do tramo Combarro-Chancelas-Samieira, entre os puntos quilométricos 5+680 e 8+200. Neste caso, logo de analizar as suxestións presentadas ao

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

Estas novas intervencións súmanse ás xa executadas polo departamento de Infraestruturas da Xunta de Galicia na estrada PO-308, o que está a permitir unha transformación histórica ao longo de toda a súa lonxitude.

No marco do Plan de sendas de Galicia, esta estrada autonómica suma 19 quilómetros de novas sendas, contando ambas as marxes, dos cales 15 xa están executados. Ademais das actuacións no termo municipal de Poio, están xa á disposición dos veciños e visitantes as sendas entre Portonovo e A Lanzada ou a mellora da travesía de Sanxenxo. Tamén están a executarse as obras de mellora da seguridade viaria na contorna do acceso a Areas.

En conxunto, o Goberno galego leva mobilizados 15,65 M€ nos últimos 5 anos na transformación da estrada PO-308. Estas actuacións completaranse a curto prazo con outros 2,14 M€ nas sendas e melloras de seguridade viaria na contorna de Combarro en Fontela, e de Chancelas ata Samieira.


Plano de situación das actuacións



Planta xeral das actuacións



Detalle de actuación do TCA (glorieta na zona da Seca)



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA AUTORIZA O CAMBIO DE TITULARIDADE DA ESTRADA AUTONÓMICA PO-190 EN FERREIRÓS A PROL DO CONCELLO DE VALGA

- A Xunta transfírelle ao Concello un treito de 730 metros de modo previo á licitación da segunda fase de urbanización desta vía, que financiará integramente a Administración autonómica cun investimento de máis de 530.000 euros
- Dáselle continuidade aos traballos executados recentemente nos primeiros 470 metros da travesía, cun investimento da Xunta que roldou os 370.000 €
- Actuarase no seguinte tramo reconstruíndo as beirarrúas coas mesmas características ca as xa executadas, mellorando a accesibilidade e eliminando as barreiras arquitectónicas
- Coa transferencia, corresponderanlle ao Concello de Valga a conservación e a explotación da vía, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria
- O Goberno galego fomenta investimentos que melloren as infraestruturas viarias, coa finalidade de favorecer o desenvolvemento económico e social e achegar unha maior calidade de vida á cidadanía

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe o Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade da estrada autonómica PO-190, no tramo comprendido entre os puntos quilométricos 0+550 e 1+280, en Ferreirós, a prol do Concello de Valga.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e o Concello de Valga asinaron en abril deste ano un convenio de colaboración polo que a Administración autonómica se comprometía a asumir o financiamento para completar as obras de mellora da estrada autonómica, cun investimento autonómico de máis de 530.000 euros.

Esta actuación dálles continuidade aos traballos de urbanización da travesía da PO-190, executados nunha primeira fase no ano 2020, entre os puntos quilométricos 0 e 0+470, cun investimento da Xunta que roldou os 370.000 euros.

O Concello comprometeuse á adxudicación e á execución das obras e a Xunta realizou o cambio de titularidade de modo previo á súa licitación por parte da Administración local.

A estrada obxecto de transferencia é un resto da antiga PO-548, que une Pontecesures e remata na glorieta do porto de Vilagarcía, posúe un tráfico rodado de ámbito local e carece de funcionalidade dentro da Rede Autonómica de Estradas de Galicia.

Segundo a Lei 8/2013, de estradas de Galicia, os cambios de titularidade das estradas ou dos treitos delas, cando non se trate de travesías urbanas ou treitos que estean incluídos no inventario da súa Administración titular, deberán ser aprobados por decreto da Xunta de Galicia por proposta da consellería competente en materia de estradas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

O cambio de titularidade será efectivo ao día seguinte ao da publicación deste decreto no *Diario Oficial de Galicia* e a entrega dos bens formalizarase no prazo dos dous meses seguintes a esta publicación mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.

A partir da entrega, correspóndenlle ao Concello de Valga todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria.

As obras

Segundo o convenio de colaboración asinado, correspóndelle ao Concello de Valga executar os traballos necesarios para completar a urbanización da travesía, entre os puntos quilométricos 0+470 e 1+290.

Nesta segunda fase, as obras céntranse no arranxo e demolición das beirarrúas e a súa reconstrución coas mesmas características ca o tramo xa renovado, seguindo a liña de promoción de mellora da accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas en que vén traballando a Xunta de Galicia.

Nesta actuación incluírase, tamén, a renovación dos servizos municipais da rede de augas pluviais, de abastecemento e de iluminación. Ademais, procederase ao soterramento da rede eléctrica e dos tramos da rede telefónica.

Ademais, executaranse varios muros, tanto de sostemento da estrada coma de contención de terras, e renovarase na súa totalidade o pavimento da calzada, así como a sinalización horizontal e vertical.

O Goberno galego segue a fomentar investimentos que melloren as infraestruturas viarias, coa finalidade de favorecer o desenvolvemento económico e social e achegar unha maior calidade de vida á cidadanía.

Treito obxecto da actuación e do cambio de titularidade:

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**GALICIA TERÁ COMO FESTIVOS PROPIOS O PRÓXIMO ANO 2022
OS DÍAS DAS LETRAS GALEGAS E DE SAN XOÁN**

- A normativa estatal fixa 14 festivos: 12 marcados polo Estado e dous elixidos polos concellos
- Cando un festivo nacional obrigatorio coincide en domingo, cada comunidade pode substituílo por outro día de interese; en 2022 esta circunstancia prodúcese o 1 de maio, que se substitúe polo día das Letras Galegas, 17 de maio, e o 25 de decembro, que se substitúe polo día de San Xoán, 24 de xuño

Galicia terá o próximo ano como festivos propios os días das Letras Galegas (17 de maio) e de San Xoán (24 de xuño). Así se establece na proposta de calendario laboral de 2022 que coñeceu hoxe o Consello da Xunta de Galicia.

A normativa estatal, fixada polo Real decreto 2001/1983, establece as 14 festas anuais de ámbito nacional non recuperables, remuneradas e de carácter obrigatorio. Destes 14 festivos, dous son elixidos por cada concello. Dos outros 12 restantes, nove son de carácter obrigatorio e non substituíbles non sendo que coincidan en domingo: 1 de xaneiro, Venres Santo (15 de abril en 2022), 1 de maio, 15 de agosto, 12 de outubro, 1 de novembro, 6 de decembro, 8 de decembro e 25 de decembro. No ano 2022 hai dous festivos nacionais que coinciden en domingo: o 1 de maio (día do Traballo), que se substitúe polo 17 de maio, día das Letras Galegas; e o 25 de decembro (Nadal), que se cambia polo día de San Xoán (24 de xuño).

Ademais, outros tres festivos de carácter nacional poden ser substituídos polas comunidades autónomas: o 6 de xaneiro, que nunca se cambia, agás que coincida en domingo; o Xoves Santo (que en 2022 se celebrará o 15 de abril), que Galicia non cambia tradicionalmente; e dáselle a opción ás comunidades entre o 19 de marzo e o 25 de xullo. Sempre se elixe o 25 de xullo, xa que é o Día Nacional de Galicia, tal e como quedou establecido polo Decreto 8/1978, do 10 de xullo.

Unha vez informado o Consello da Xunta de Galicia, a proposta de calendario laboral para 2022 terá que ser aprobada polo Consello Galego de Relacións Laborais. Posteriormente, cada concello terá que determinar dous días festivos máis para a súa localidade.

Calendario laboral de Galicia para 2022

FESTIVIDADE	DATA	DÍA DA SEMANA
Aninovo	1 de xaneiro	sábado
Epifanía do Señor (Día de Reis)	6 de xaneiro	xoves

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



Xoves Santo	14 de abril	xoves
Venres Santo	15 de abril	venres
Letras Galegas	17 de maio	martes
San Xoán	24 xuño	venres
Día Nacional de Galicia	25 xullo	luns
Asunción da Virxe	15 agosto	luns
Festa Nacional de España	12 de outubro	mércores
Todos os Santos	1 de novembro	martes
Día da Constitución Española	6 de decembro	martes
Inmaculada Concepción	8 de decembro	xoves

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 5 MILLÓNS DE EUROS A AXUDAS DE COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO PARA ONGD E OUTROS AXENTES

- Poderanse financiar como máximo dous proxectos, tanto no caso de execución por parte de ONGD coma doutros axentes, sempre que un dos proxectos, polo menos, sexa executado nun país definido como prioritario no IV Plan director da cooperación galega
- A convocatoria plurianual 2021-2022 incrementa o seu orzamento en máis dun 6 % respecto á orde anterior
- O Consello da Xunta de Galicia aprobou tamén a convocatoria de bolsas para a formación de persoal experto en cooperación internacional para o desenvolvemento que conta cun orzamento de 98.600 euros

O Consello da Xunta aprobou hoxe as axudas para a execución de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación por un importe total de 5 millóns de euros, que serán destinados para proxectos no exterior executados polas organizacións non gobernamentais de cooperación ao desenvolvemento (ONGD) e por outros axentes de cooperación recoñecidos pola Lei reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento, como universidades, empresas, sindicatos, fundacións ou comunidades galegas no exterior.

A través desta orde financiaranse proxectos cuxo obxectivo é o de propiciar o desenvolvemento integral dos países de intervención, contribuír á mellora das condicións de vida dos seus habitantes e aliviar e corrixir as situacións de pobreza para acadar un desenvolvemento humano solidario, mediante actuacións para dar cobertura ás necesidades sociais básicas, como a educación básica, o abastecemento de auga e saneamento, a xestión de recursos hídricos, a saúde xeral e básica, a habitabilidade e tamén mediante a promoción do tecido económico, concretamente en agricultura, desenvolvemento rural, pesca e acuicultura.

A dotación total da convocatoria increméntase nun 6 % aumentando a contía dos proxectos na modalidade de proxectos no exterior que executarán as ONGD. Igual ca na convocatoria de 2020, a subvención distribúese do seguinte xeito: un 40% en 2021 e un 60% en 2022.

A principal novidade deste ano é a introdución dos cambios debido á aprobación da nova Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, polo que se poderá solicitar o anticipo previsto para a segunda anualidade cunha porcentaxe de execución da primeira anualidade do 75% e o prazo de entrega da documentación xustificativa final do proxecto será de tres meses

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

desde a finalización do prazo para a realización das actividades do proxecto subvencionado, con data límite do 31 de marzo de 2023.

Coa finalidade de acadar unha maior redistribución dos fondos, poderanse financiar como máximo dous proxectos, tanto no caso de execución por parte de ONGD como doutros axentes (que se incorpora como novidade este ano), ben sexa individuais o ben en agrupación, sempre que un dos proxectos, polo menos, sexa executado nun país definido como prioritario no IV Plan director da cooperación galega (actualmente, Nicaragua, Guatemala, Honduras, O Salvador, A República Dominicana, Perú, Ecuador, Bolivia, Mozambique, Guinea Bissau e Cabo Verde).

Bolsas de formación de persoal experto en cooperación internacional

O Consello da Xunta de Galicia aprobou tamén a convocatoria de bolsas para a formación de persoal experto en cooperación internacional para o desenvolvemento na dirección Xeral, nas oficinas técnicas de Cooperación da Axencia Española de Cooperación Internacional ou nas oficinas das axencias da Organización das Nacións Unidas, que conta cun orzamento de 98.600 euros.

As actividades de formación desenvolveranse entre os meses de outubro de 2021 e setembro de 2022, cunha duración máxima de doce meses. O importe das bolsas será de 1.200 € brutos mensuais máis os gastos da viaxe, no caso de que os destinos sexan no exterior, e 1.000 € brutos mensuais, no caso de que os destinos sexan na sede da dirección xeral.

Os solicitantes deberán ter veciñanza administrativa en Galicia, estar en posesión dun título universitario oficial de grao, licenciatura, diplomatura, arquitectura, enxeñería ou equivalente; non ter gozado anteriormente doutra bolsa de formación no eido da cooperación para o desenvolvemento da Xunta de Galicia e non ter emprego remunerado nin gozar doutra bolsa, entre outros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 4M€ A UN NOVO PROGRAMA PARA AVANZAR EN PROXECTOS DE I+D EMPRESARIAL RELACIONADOS COA COVID-19 E QUE IMPULSEN A TRANSICIÓN DIXITAL DAS PEMES GALEGAS

- O Consello da Xunta de Galicia avaliou esta mañá a iniciativa Conecta Covid orientada á recuperación da economía galega a través da mellora da competitividade empresarial
- Os proxectos que se presenten poderán incluír a investigación sobre vacinas, medicamentos e tratamentos, produtos sanitarios e equipamentos médicos, desinfectantes e equipamentos de protección, así como innovacións en procesos para unha produción eficiente
- Trátase dun programa flexible ao cal poden presentarse propostas de entre 150.000 euros e un millón, tanto individuais como a través da cooperación entre dúas a seis empresas
- A colaboración dos *hubs* de innovación dixital –Dihgigal e Datalife– permitirá canalizar os fondos para axustar os apoios ás necesidades reais do tecido galego e avanzar no modelo de especialización intelixente

O Consello da Xunta de Galicia avaliou na súa reunión desta mañá un novo programa Conecta Covid, destinado a seguir avanzando en proxectos de I+D e innovación en produto relacionados coa pandemia sanitaria. Terá como obxectivo non só seguir achegando novo coñecemento e solucións para facer fronte á Covid-19, senón tamén apoiar a transición dixital do tecido empresarial galego –especialmente das pemes– para contribuír, deste xeito, á recuperación económica.

Conecta Covid contará cun orzamento de 4M€, co que se agarda mobilizar 6M€ grazas ao cofinanciamento privado das empresas galegas. Contará con dúas liñas: unha destinada a proxectos de investigación industrial e desenvolvemento experimental relacionado coa Covid-19 e outra de iniciativas de innovación en produto, vinculada tamén a esta enfermidade. Poderán desenvolverse de xeito individual ou a través de agrupacións (de dúas a seis entidades). Valorarase de xeito preferente este último caso, no que ningunha das participantes poderá superar o 65% do orzamento e nas cales a colaboración dunha empresa grande deberá estar xustificada polo seu efecto tractor sobre o resto de pemes incluídas. Tamén poden sumarse organismos de investigación.

Terán a oportunidade de presentarse proxectos cun orzamento de entre 150.000 euros e un millón, orientados cara á investigación sobre vacinas, medicamentos e tratamentos, produtos sanitarios e equipamentos hospitalarios e médicos, desinfectantes e roupa e equipamentos de protección, así como innovacións de procesos para unha produción eficiente dos produtos necesarios. Ademais, deberán contribuír ao apoio ás pemes galegas, á transición e transformación dixital das pequenas e medianas empresas nos

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

eidos estratéxicos dos *hubs* galegos de innovación dixital (Dihgigal e Datalife); estar orientados ao mercado e á mellora da competitividade así como aliñados coa Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia e seren desenvolvidos na Comunidade.

Poderán realizarse pagamentos anticipados de ata o 80% da axuda concedida, que podería acadar o 100% no caso de que as iniciativas rematen este ano ou en 2022. Ademais, a intensidade da axuda, que depende da liña e do tamaño de empresa, pode chegar ao 80% no caso das pemes.

O programa contará coa colaboración dos *hubs* galegos de innovación dixital que permitirá canalizar os fondos dun xeito eficaz e eficiente, xa que poderán orientar os apoios ás necesidades reais do tecido empresarial e avanzar no modelo galego de especialización intelixente. Supón, polo tanto, un novo paso na consolidación deste instrumento, os *hubs*, como axentes artelladores da I+D+i nas pemes a través dos cales se pretende estender o impacto positivo da innovación a todo o tecido e converter Galicia nun referente tecnolóxico naquelas áreas con potencial.

Conecta Covid súmase aos 14M€ que a Xunta leva destinado a apoiar a I+D+i nos organismos de investigación galegos na busca de medidas que apoiem a súa actividade e que poidan conter a propagación da enfermidade. Así, entre outras iniciativas, púxose en marcha unha nova liña de axudas da Axencia Galega de Innovación (Gain) por 3 millóns de euros para apoiar proxectos de investigación relacionados coa Covid-19, diferentes convenios de colaboración para promover solucións innovadoras de pemes e universidades galegas transferibles ao sector da saúde, a industria e o comercio, cun investimento público de 0,75 millóns de euros; ou a nova aceleradora de pemes innovadoras Connect-19, especializada na comercialización de solucións fronte á Covid-19 que apoia 20 proxectos.

Ademais, Conecta Covid é unha aposta pola I+D+i como panca para impulsar unha recuperación sustentable e inclusiva aproveitando as oportunidades da transición dixital pero tamén afrontando os desafíos vinculados á transición verde e a innovación responsable.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA A ESTRATEXIA GALEGA PARA O DESPEGAMENTO DUNHA INTELIXENCIA ARTIFICIAL DE VANGARDA, ÉTICA, SEGURA E CENTRADA NAS PERSOAS

- A Estratexia galega de intelixencia artificial (EGIA), aprobada hoxe polo Consello, mobilizará máis de 330 millóns de euros de investimento público entre 2021 e 2030
- A Xunta de Galicia asume un rol tractor para aumentar os investimentos públicos e privados na intelixencia artificial e para preparar á cidadanía para os cambios socioeconómicos nun marco ético e legal adecuado
- A intelixencia artificial estará ao servizo dunha economía baseada no coñecemento para afrontar os retos inminentes, como as necesidades derivadas da pandemia, o cambio demográfico ou a transición ecolóxica
- A EGIA desenvolve un proxecto conxunto e coordinado para a capacitación da cidadanía nas habilidades dixitais necesaria ao longo de toda a vida e a formación, atracción e retención de talento en intelixencia artificial
- AEGIA artículase arredor de 4 eixos prioritarios e 15 medidas con actuacións concretas

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe a Estratexia galega de intelixencia artificial 2030 (EGIA) co obxectivo de converter Galicia nunha rexión intelixente que contribúa á soberanía dixital da Unión Europea. A estratexia despregará en Galicia unha intelixencia artificial de vangarda, ética, segura e centrada nas persoas.

A EGIA, coordinada pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), mobilizará máis de 330 millóns de euros públicos da Xunta de Galicia no período 2021-2030, xerará un impacto na creación de riqueza duns 472 millóns de euros e permitirá cubrir máis de 1.000 empregos ao ano nese período. O documento artículase arredor de 4 eixos prioritarios e 15 medidas con actuacións concretas.

O acordo aprobado hoxe polo Consello establece o marco e a estratexia para a posta en marcha das accións dirixidas a avanzar nese obxectivo e para iso:

- Impulsará a adopción da intelixencia artificial desde o sector público e desde a colaboración público e privada;
- Promoverá a economía do dato adaptada ao marco legal;
- Integrará Galicia no espazo europeo de datos no camiño da soberanía dixital da UE fronte a outros competidores;
- Fomentará a incorporación das pemes galegas á era das tecnoloxías intelixentes;

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



- Lanará un proxecto conxunto e coordinado para o desenvolvemento das habilidades dixitais avanzadas necesarias en todos os ámbitos e a formación de capital humano cualificado en intelixencia artificial
- Investirá de maneira eficiente recursos públicos e privados en beneficio da sociedade galega.

Rol tractor da Xunta de Galicia para aumentar os investimentos e preparar a cidadanía

Coa aprobación da estratexia, a Xunta asume un rol tractor para o aumento dos investimentos na intelixencia artificial e para preparar a cidadanía para os cambios socioeconómicos nun marco ético e legal adecuado. Neste sentido, a intelixencia artificial estará ao servizo dunha economía baseada no coñecemento para afrontar os retos inminentes de Galicia, como son as necesidades derivadas da pandemia, o cambio demográfico ou a transición ecolóxica.

A EGIA aliñará as necesidades económicas de Galicia coas capacidades de investigación e innovación e coas necesidades do sector público e privado, promoverá o uso da intelixencia artificial en sectores clave da economía galega, mellorará a prestación de servizos como a sanidade ou a política social, potenciará o patrimonio cultural e o turismo, e apoiará as pemes galegas nos seus procesos de transformación dixital.

A estratexia terá en conta as necesidades de capacitación dixital da cidadanía como usuarias das tecnoloxías e a demanda por parte das administracións e do tecido produtivo de persoal cunha formación e habilidades específicas en intelixencia artificial.

Neste sentido, ten en conta que a sociedade galega debe ter as habilidades dixitais necesarias para utilizar as aplicacións e coñecer os desafíos ao redor desta tecnoloxía, que o ámbito económico require dunha formación en que a intelixencia artificial estea presente na oferta formativa non tecnolóxica e na formación profesional, e que a formación, atracción e retención de talento en intelixencia artificial é clave para o desenvolvemento de Galicia como rexión intelixente.

Goberno predictivo e mellora na toma de decisión

A intelixencia artificial permitirá tamén avanzar cara a un goberno predictivo no cal as decisións sobre as políticas públicas, así como os servizos, estean baseados no estudo das demandas reais da cidadanía coñecidas a partir dos datos.

Neste sentido, axilizará os procesos da Administración pública e mellorará a calidade na prestación dos servizos públicos.

A recente crise provocada pola pandemia da Covid-19 puxo de manifesto a utilidade para os gobernos das tecnoloxías vinculadas á intelixencia artificial. Por unha banda, foi necesario dispoñer e analizar grandes cantidades de información para predicir as variables da evolución da pandemia ou avaliar o cumprimento das restricións de

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

movilidade e distanciamento social. Por outra banda, administracións entre as cales se atopa a Xunta de Galicia incrementaron o uso das automatizacións baseadas en intelixencia artificial, como a robotización de procesos.

En concreto, a Xunta de Galicia ten identificados diferentes ámbitos da xestión administrativa con posibilidades de mellora a curto prazo grazas a intelixencia artificial: a sanidade, modos de vida saudables e economía dos coidados; a educación e o emprego; o desenvolvemento dun territorio sustentable en base á cultura, o patrimonio e o turismo; o medio ambiente, a transición enerxética e a mobilidade; os complexos mar-industria e agro-industria e a administración, xustiza e facenda dixitais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA DÓTASE DO PRIMEIRO PLAN CARTOGRÁFICO QUE REGULARÁ E PLANIFICARÁ AS BASES DE DATOS XEOGRÁFICAS DA COMUNIDADE PARA OS PRÓXIMOS CATRO ANOS

- O Goberno galego destinará case 18 millóns de euros para garantir unha información única, coherente e real da superficie da Comunidade ao servizo dos cidadáns, empresas e administracións públicas
- Estase xa a traballar no programa operativo para o vindeiro ano, o primeiro do plan, co que responder as necesidades e prioridades detectadas pola Administración autonómica nesta materia

O Consello da Xunta, na súa reunión de esta mañá, aprobou o primeiro Plan galego de cartografía e información xeográfica, grazas ao que a Comunidade conta por primeira vez cunha ferramenta que planificará e regulará a súa produción cartográfica, o que tamén permitirá manter unha única base de datos coa información relativa ao seu territorio.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda impulsou esta ferramenta que terá unha vixencia de catro anos e no que investirá case 18 millóns de euros, para garantir unha información única, coherente e real da superficie de Galicia, integrala nun modelo de datos homoxéneo e poñela ao servizo dos cidadáns, empresas e administracións públicas.

Tendo en conta que a información xeográfica é necesaria para a xestión do territorio, o seu contido debe estar nun único sitio, onde poida consultarse para evitar datos duplicados ou con erros e que permita un acceso sinxelo para a súa actualización.

Este plan foi elaborado pola Comisión de coordinación de sistemas de información xeográfica e cartográfica, e contou coa participación dos departamentos e organismos autonómicos que empregan, producen ou xestionan cartografía e referencias xeográficas.

A Xunta aposta por avanzar nesta materia, convencida de que unha boa información xeográfica e cartografía redonda nunha mellora dos servizos á disposición dos cidadáns. A modo de exemplo, facilítase o acceso a unha mellor información sobre o planeamento urbanístico, como os certificados e informes de clasificación e cualificación urbanísticas dos seus inmobles, axilidade e seguridade xurídica en canto ás licenzas municipais de construcións, instalacións e obras; mentres que os concellos acceden con facilidade aos datos, sen necesidade de acudir a intermediarios.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

Asemade, unha cartografía e información xeográfica actualizada constitúe unha base de datos para futuros sistemas de información ou para mellorar os existentes, xa que se poden integrar redes de servizos municipais, como a de abastecemento e saneamento de auga, iluminación pública, xeorreferencia de contedores de residuos sólidos urbanos ou xeorreferencia dos inmobles do inventario municipal.

Galicia supera, desta maneira, un novo chanzo para incentivar a innovación, a adopción e o desenvolvemento de tecnoloxías e estruturas propias no campo da información xeográfica do territorio galego.

Programa operativo para 2022

O plan desenvolverase mediante programas operativos anuais, nos cales se establecerán para cada período as prioridades de actuación. Deste xeito, os obxectivos estratéxicos do primeiro programa operativo para o ano 2022 xa están sendo fixados por un grupo de traballo —liderado polo Instituto de Estudos do Territorio— que recollerá nun documento as prioridades de actuación dos diferentes departamentos da Administración autonómica.

Os traballos fundamentais do primeiro plan operativo serán, entre outros, actualizar e completar as bases de datos topográficas, adquirir as fotografías aéreas e imaxes dos satélites que conteñan información do noso territorio, elaborar a cartografía de uso de solos de Galicia ou completar a cartografía temática que precisan os departamentos da Xunta para potenciar o seu labor no eido das súas competencias (urbanismo, vivenda, patrimonio natural, infraestruturas hidráulicas, estradas, etc.).

Deste xeito, Galicia convértese na quinta comunidade autónoma, xunto con Andalucía, Aragón, Cataluña e Navarra, que dispón dun plan destas características para xestionar e producir a información do seu territorio.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE MUÍÑOS PARA EXECUTAR AS OBRAS DE MELLORA DE SANEAMENTO EN VARIOS NÚCLEOS CUN INVESTIMENTO DE 225.000 EUROS

- A Xunta de Galicia, a través de Augas de Galicia, financiará estas actuacións nun 80%, con 180.000 euros, e o Concello de Muíños achegará o restante 20% do importe
- A obra, cun prazo de 6 meses, inclúe a mellora do tratamento das augas residuais de Muíños e O Barrio e a reparación das depuradoras do Parque e de Pazos
- Disporase unha nova rede en Muíños que comeza nun pozo de rexistro anterior á fosa séptica e vai ata a estrada de Mugueimes, onde conectará con outro pozo
- A nova rede en Barrio terá unha lonxitude de 298 metros e 14 pozos de rexistro
- O proxecto tamén inclúe a posta en rasante de tapas de rexistro de pozos na estrada de Mugueimes e a limpeza de areiros de fosas en distintos núcleos
- A Xunta presta apoio técnico e financeiro aos municipios para que desenvolvan as súas competencias de saneamento e abastecemento dun xeito eficiente

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Muíños para executar as obras de mellora de saneamento en varios núcleos, que suporán un investimento de 225.000 euros.

A Xunta, a través de Augas de Galicia, financiará estas actuacións nun 80%, con 180.000 euros, e o Concello de Muíños achegará o restante 20% do importe, 45.000 euros. A execución dos traballos é susceptible de ser financiada pola Unión Europea no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da Unión á pandemia da Covid-19.

Os traballos, cun prazo de execución de 6 meses, inclúen a mellora do tratamento das augas residuais dos núcleos de Muíños e do Barrio, así como a reparación das depuradoras do Parque e de Pazos.

De xeito máis detallado, disporase unha nova rede en Muíños, que comezará nun pozo de rexistro anterior á fosa séptica e continuará por terreos rústicos cara ao norte, ata a estrada que vai a Mugueimes, onde se conectará cun pozo da rede que baixa pola citada vía.

A nova rede cruzará o río ancorada á ponte e descargará nunha nova estación de bombeo desde a que se elevarán as augas á rede da EDAR do Parque.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



En canto á nova rede no lugar do Barrio, terá unha lonxitude de 298 metros e contará con 14 pozos de rexistro. Tamén disporá dun ramal lateral de 56 m en tubo das mesmas características, pero de 160 mm de diámetro.

Ademais, o proxecto inclúe a localización e a posta en rasante de tapas de rexistro de pozos na estrada de Mugueimes e a limpeza de areeiros de fosas existentes en distintos núcleos.

O Goberno galego continúa prestando o seu apoio técnico e financeiro aos municipios para que poidan desenvolver as súas competencias de saneamento e abastecemento dun xeito eficiente e acorde ás necesidades dos cidadáns.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE BEARIZ PARA A RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA NO LUGAR DE MAGROS CUN INVESTIMENTO DE 105.000 EUROS

- A Xunta achegará o 80% do orzamento, 84.000 euros, e executará as obras, mentres o Concello de Beariz contribuirá co 20% restante, con 21.000 euros
- Unha vez autorizado este acordo, Augas de Galicia estará en disposición de licitar os traballos, que teñen un prazo de execución de catro meses e serán financiados con fondos europeos do programa Feder de resposta fronte á Covid-19
- Dotaranse dunha nova rede os barrios da Aldea de Arriba e A Aldea de Abaixo, para asegurarlles un caudal de auga mínimo ás vivendas e beneficiar unha poboación de 431 habitantes
- O Goberno galego mantén o seu apoio técnico e financeiro aos municipios para que estes poidan prestar de xeito eficaz os servizos de saneamento e abastecemento, que son de competencia local

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe o convenio de colaboración co Concello de Beariz para a renovación da rede de abastecemento de auga no lugar de Magros, cun investimento de 105.000 euros.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, cofinanciará a actuación nun 80%, coa achega de 84.000 euros, e o Concello de Beariz contribuirá ao financiamento do 20% restante, destinará 21.000 euros.

Unha vez selado este acordo, Augas de Galicia estará en disposición de licitar as obras, que teñen un prazo de execución de catro meses. As actuacións serán financiadas pola Unión Europea, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da Unión á pandemia da Covid-19.

Pola súa banda, a entidade local tamén asume a realización das xestións pertinentes para posibilitar a súa execución, así como a recepción, o mantemento e a conservación das actuacións que se leven a cabo.

As obras que se van executar

Na actualidade os barrios da Aldea de Arriba e A Aldea de Abaixo, dentro do núcleo de Magros, dispoñen dunha rede de abastecemento moi antiga, instalada na súa maior parte polos propios habitantes do núcleo. A rede presenta múltiples carencias, non dispón de ningunha válvula reductora de presión, o que fai que parte do barrio da Aldea de Arriba estea a traballar con presións moi altas, polo que as roturas na rede son frecuentes, ademais de causar problemas no funcionamento dos aparellos domésticos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

Mediante este convenio, desde Augas de Galicia propónse a execución dunha nova rede de abastecemento en ambos os barrios do municipio ourensán de Beariz, para asegurarlles un caudal de auga mínimo de 200 l/habitante-día ás vivendas e un caudal nas bocas de rega e incendio.

As obras recollidas no convenio autorizado hoxe polo Goberno autonómico incluírán a renovación da rede de abastecemento procedente do depósito de regulación, desde a súa entrada no núcleo de Magros pola Aldea de Arriba, ata que chega á Aldea de Abaixo, instalando tubaxe de 75 mm de diámetro. En ambos os extremos colocaranse válvulas redutoras de presión. Renovarase tamén toda a rede da Aldea de Abaixo con tubaxe.

En conxunto, executarase un total de 456 metros de tubaxe, ademais de chaves de paso, bocas de rega, ventosas e desaugadoiros para o correcto funcionamento da rede.

Con esta actuación darase servizo a unha poboación de 431 habitantes.

O Goberno galego mantén o seu apoio técnico e financeiro aos municipios para que estes poidan prestar de xeito eficaz os servizos de saneamento e abastecemento, que son de competencia local.

Na seguinte imaxe amósase a planta das actuacións extraída do proxecto construtivo:



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O PROGRAMA DA XUNTA PARA O POSICIONAMENTO INTERNACIONAL DAS UNIVERSIDADES GALEGAS CAPTOU 4,6M€ EN PROXECTOS NOS DOUS ÚLTIMOS ANOS

- O Goberno galego desenvolve esta acción a través dun convenio con Feuga desde o ano 2016, período en que se acadou un retorno de 4,26 € por cada euro invertido
- O obxectivo é mellorar a captación de fondos en Europa por parte dos centros e grupos de investigación do Sistema universitario de Galicia (SUG)
- O convenio para impulsar estas accións renovárase este ano por un importe de máis de 2,1 M€

O programa da Xunta de Galicia para o posicionamento estratéxico internacional dos centros e grupos de investigación do Sistema universitario de Galicia (SUG) acadou un retorno económico de 4,26€ por euro invertido no período 2018-2020. Así se recolle no informe analizado hoxe polo Consello da Xunta ao respecto, no cal se indica que desde a posta en marcha desta iniciativa as universidades galegas captaron máis de 4,6 M€ en proxectos.

A evolución desta liña de actuación foi, así mesmo, moi positiva, froito da experiencia acumulada. Non en balde o retorno e a rendibilidade incrementouse desde o 11% do período 2016-2017 ao 326% do 2018-2020. De feito, dos 18 proxectos aprobados para o SUG desde 2016, 11 son dos anos 2019 e 2020, por un importe total de máis de 2,8 M€, máis da metade do total captado.

Obxectivos

O Goberno galego desenvolve esta acción a través dun convenio coa Fundación Empresa-Universidade Galega (Feuga) desde o ano 2016. Neste período traballouse sobre cinco obxectivos: aumentar o posicionamento internacional do SUG e a captación de fondos en proxectos europeos de I+D+i, mellorar a imaxe de marca do Sistema universitario de Galicia, colaborar na definición de estratexias a nivel rexional con outras entidades e institucións para aumentar as colaboracións internacionais das universidades galegas, mellorar o coñecemento dos investigadores en materia de financiamento público de I+D, propiedade intelectual e transferencia, e asesoralos sobre as prioridades europeas nas súas liñas de investigación.

Para acadalos realizouse un traballo conxunto exhaustivo coas universidades a nivel institucional, centros de investigación e grupos de investigación do SUG, definindo as áreas e as liñas estratéxicas de investigación, sempre de acordo coas prioridades dos programas de financiamento da Comisión Europea.

Así mesmo, e a través da presenza dunha persoa como enlace permanente en Bruxelas, realizáronse actividades destinadas á relación con institucións, empresas,

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

administracións (*networking, lobbying*) que contribúen a mellorar o posicionamento das tres universidades públicas galegas e o establecemento de alianzas estratéxicas internacionais. En total, nestes últimos catros anos desenvolvéronse 1.211 accións de promoción do SUG e asistíronse 392 eventos.

Ademais favoreceuse a aliñación con estratexias rexionais, colaborando na definición de estratexias con outras entidades e institucións galegas para o posicionamento de Galicia e dos investigadores do SUG a nivel europeo.

Consolidar e avanzar

En vista dos favorables resultados, o Consello da Xunta deu hoxe luz verde á renovación do convenio, co obxectivo de consolidar o traballo xa realizado e avanzar sobre novos obxectivos. Cun orzamento total de máis de 2,1 M€ para tres anos, o novo acordo estrutúrase a través de tres liñas de acción.

A primeira delas continúa centrada no posicionamento, na promoción, divulgación e captación de proxectos europeos por parte dos centros e grupos de investigación do SUG, no marco dun proceso de dinamización continua e internacionalización, imprescindible para manter e mellorar a visibilidade e a captación de fondos en Europa ante o lanzamento do novo programa da Unión Europea Horizon Europe (HE) 2021-2027.

Para iso traballárase cos grupos de investigación para a definición dos seus proxectos e participárase nas habituais actividades de posicionamento internacional (eventos, agrupacións tecnolóxicas, entidades rexionais, nacionais e europeas). O obxectivo é aumentar a captación de fondos e incrementar as colaboracións internacionais das universidades galegas, así como as colaboracións co sector industrial.

Programa Impulsum

A segunda delas centrarase en continuar co impulso de liñas de actuación orientadas a fortalecer as capacidades dos centros de investigación do SUG, incrementar o liderado internacional da súa investigación, impulsar a colaboración con novos axentes académicos e industriais e a potenciar a formación, atracción e incorporación de talento investigador.

Ao abeiro desta acción lanzárase o programa Impulsum, un conxunto de iniciativas orientadas a desenvolver o potencial da rede de centros a través dun plan que comprende catro categorías de actividades: eventos e *networking*, formación continua e desenvolvemento profesional (formación segundo as necesidades dos centros, laboratorio de ideas innovadoras), proxectos colaborativos e de mellora (accións colectivas e transversais de interese común, servizo de xanela aberta para resolver problemáticas concretas dos centros e servizo de fomento da igualdade) e *Open initiatives* (abrir os centros á súa contorna estimulando a relación coa sociedade e co tecido empresarial).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

Esta segunda liña inclúe tamén a revisión, optimización e mellora do proceso de avaliación de centros de investigación e o impulso de actividades para mellorar o desenvolvemento profesional dos investigadores, así como a creación dun portal de oportunidades para o investigador do SUG, entre outras accións.

Proxecto Galicia 2030

A terceira liña de acción do novo convenio está centrada no proxecto Galicia 2030: perfís profesionais de futuro e novas titulacións e especialidades universitarias, posto en marcha pola Xunta de Galicia en colaboración coa Feuga no ano 2018.

O obxectivo deste proxecto é determinar as competencias e perfís profesionais que necesitará o tecido empresarial nos vindeiros anos e adaptar a oferta universitaria a estas novas demandas. Froito deste proceso identificáronse 30 roles profesionais de futuro e 15 novas titulacións de interese para o SUG, actualmente non cubertas pola súa oferta académica. A partir deste estudio, as universidades galegas levarán a cabo o deseño e a posta en marcha das titulacións, cuxa implantación efectiva está prevista para o curso 2023/24.

Con esta terceira liña de acción búscase avaliar o impacto do proxecto no ano 2023 e revisar os roles propostos coincidindo coa incorporación das titulacións emanadas do proxecto Galicia 2030 á oferta académica do SUG.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O SISTEMA EDUCATIVO GALEGO MULTIPLICARÁ O VINDEIRO CURSO CASE POR DEZ O NÚMERO DE AUXILIARES DE CONVERSA NATIVOS RESPECTO DO 2008

- Haberá 628 persoas que desenvolvan esta función, fronte aos 67 daquel ano
- O Consello da Xunta dá paso á sinatura de acordos coa Comisión Fulbright e o Ministerio de Educación para este fin, por importe de 4 M€
- O obxectivo é continuar reforzando as competencias en linguas estranxeiras do alumnado galego, no marco dunha estratexia avalada polos resultados nas probas do Trinity College ou o DELF escolar

O Consello da Xunta de Galicia acordou hoxe a sinatura de dous convenios de colaboración coa Comisión de Intercambio Cultural, Educativo e Científico entre España e os Estados Unidos de América (Comisión Fulbright) e co Ministerio de Educación e Formación Profesional, ao abeiro do que se incorporarán ao sistema educativo galego un total de 500 auxiliares de conversa nativos.

Complementaranse coas 128 persoas que chegarán a través dos acordos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade con outras entidades, como o propio ministerio no marco do Acordo de cooperación territorial, co Instituto Confucio ou co Instituto Camões. Deste xeito, o sistema educativo galego contará o vindeiro curso con 628 auxiliares de conversa nativos, o que supón case multiplicar por dez os 67 que había no curso 2008/09.

O obxectivo é continuar reforzando as competencias en idiomas do alumnado galego, no marco da Estratexia de linguas estranxeiras do departamento educativo do Goberno galego, avalada polos resultados nas probas do Trinity College ou o DELF escolar.

Mellora das competencias STEM

No caso do convenio coa Comisión Fulbright, serán 40 auxiliares de alto perfil académico en lingua inglesa, pensados especialmente para centros de secundaria, de tal xeito que contribúen á mellora das competencias neste idiomas nas materias STEM (ciencias, tecnoloxía, enxeñarías e informática), así como á competitividade futura do alumnado nestes eidos.

A propia comisión farase cargo do proceso de preparación e difusión da convocatoria e da preselección dos auxiliares de conversa, segundo os criterios de obxectividade, calidade e independencia que rexen os seus programas; e encargarse do seguimento do programa e da xestión do aboamento das compensacións mensuais ás persoas bolseiras, así como da organización dos seminarios de orientación e seminario de seguimento e evolución que se realiza para todas as persoas bolseiras Fulbright estadounidenses en España.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

Acordo co ministerio

Por outra banda, o convenio co ministerio do ramo aprobado hoxe suporá a chegada a Galicia de 460 auxiliares. Por idiomas, 435 serán auxiliares de lingua inglesa, 14 de lingua francesa, sete de lingua alemá, dous de lingua portuguesa e outros dous de lingua chinesa. Estes profesionais desenvolverán o seu traballo maioritariamente en centros plurilingües, escolas oficiais de idiomas e centros educativos con seccións bilingües e outros programas vencellados ás linguas estranxeiras. Así mesmo, recibirán unha axuda económica e realizarán funcións de apoio á docencia da lingua estranxeira no centro de destino, sempre supervisados por unha persoa profesora titora-coordinadora.

O Ministerio ocuparase de seleccionar os auxiliares e enviar a relación detallada antes do inicio do curso escolar, mentres que a Consellería, que financia a súa estadia na Comunidade, será a encargada de adxudicalos aos diferentes centros plurilingües, con seccións bilingües ou escolas oficiais de idiomas.

Evolución do ensino plurilingüe en Galicia

No curso 2008/09 non había centros plurilingües (comezaron a funcionar no 2010/11), o sistema educativo galego contaba con 720 seccións bilingües e 67 auxiliares de conversa.

Logo de máis dunha década do inicio da implantación do modelo de ensino plurilingüe en Galicia a través da Estratexia de linguas estranxeiras do Goberno galego, que arrancou con 58 centros plurilingües no curso 2010/11 e que hoxe acada os 423.

Este crecemento exponencial tamén se rexistra nas seccións bilingües implantadas (que pasou das 720 en 2009 ás preto de 4.700 da actualidade) e no número de auxiliares de conversa (dos 67 no curso 2008/09, aos 617 actuais).

Desde o punto de vista cualitativo, o programa queda referendado en datos como a elevada porcentaxe de alumnos (sete de cada dez) que lograron acreditar o seu nivel de inglés nas últimas probas de certificación convocadas polo Trinity College, referente no eido internacional; ou que o 96% do alumnado galego matriculado nas probas do DELF escolar en lingua francesa obtivo este certificado.

A boa acollida da iniciativa de potenciación de linguas estranxeiras no sistema educativo galego tamén se reflicte entre o profesorado, xa que case o 99% dos docentes coordinadores deste programa manifestan estar moi satisfeitos cos resultados acadados.

Achegamento á cultura doutros países

A figura da persoa auxiliar de conversa é un elemento clave para achegar a realidade cultural e lingüística do seu país de orixe ao alumnado galego. Deste xeito, estas persoas levan a cabo un importante servizo complementario, ao apoiaren o labor do

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

profesorado, facilitando as prácticas de conversa en linguas estranxeiras. Ademais, representan un auténtico vehículo de achegamento á cultura dos países onde se fala a lingua obxecto de estudo, polo que contribúen a reforzar o labor docente na compoñente de multiculturalidade.

A maiores, e debido ao alto perfil académico dalgunhas persoas candidatas, é previsible que acheguen un alto valor engadido aos proxectos plurilingües, por exemplo en ámbitos como os de materias STEM (ciencias, tecnoloxía, enxeñarías e informática).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA AUMENTA NUN 10% O BONO AUTÓNOMO AO CAL DESTINARÁ 5,5M€ PARA APOIAR CON ATA 3.000 EUROS A CONSOLIDACIÓN DE 2.000 PROFESIONAIS

- Esta medida sumarase a outras iniciativas que se aprobarán este mes para axudar as persoas traballadoras por conta propia e que, en global, -incluído o Bono Autónomo- contarán cun investimento de preto de 20 M€
- O Bono Autónomo ten como obxectivo axudar profesionais deste colectivo cunha antigüidade superior aos 42 meses, para que poidan ofrecer novos servizos e realizar investimentos que impulsen a súa capacidade competitiva
- O Goberno galego acaba de aprobar no Consello da Xunta da semana pasada o terceiro Plan de rescate con 234,4 millóns, que unido aos dous primeiros plans suman un investimento de 416 millóns
- Galicia é a comunidade cun emprego autónomo máis sólido e presenta a maior porcentaxe de autónomas, superando en máis de cinco puntos a proporción de mulleres na súa comparativa coa media estatal

A Xunta de Galicia porá en marcha por quinto ano consecutivo o Bono Autónomo con axudas de ata 3.000 euros para apoiar servizos e investimentos encamiñados á mellora da competitividade empresarial ou profesional dos traballadores por conta propia que contan cunha antigüidade superior aos 42 meses. A Administración autonómica incrementa este ano o orzamento desta iniciativa nun 10%, polo que o investimento será de 5,5 millóns de euros, co que prevé beneficiar 2.000 autónomos.

Esta medida sumarase a outras iniciativas que se aprobarán este mes para axudar as persoas traballadoras por conta propia e que, en global, -incluído o Bono Autónomo- supoñen un investimento de preto de 20 millóns de euros. En concreto, ademais do bono, este mes de xuño activaranse as axudas para a promoción do emprego autónomo coas que se apoia o inicio de actividade, as destinadas a impulsar a contratación indefinida de persoas asalariadas, do primeiro, segundo e terceiro traballador; os incentivos á consolidación de pequenas empresas de nova creación e ás empresas cualificadas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica; e os apoios ás asociacións de autónomos.

É preciso lembrar, ademais, que a semana pasada o Consello da Xunta aprobou o terceiro Plan de rescate con 234,4 millóns, que unido aos dous primeiros plans suman un investimento de 416 millóns.

O Bono Autónomo, que se aprobou hoxe, conta con dúas liñas de axudas para mellorar a competitividade dos autónomos. Apoia, por unha banda, o desenvolvemento de servizos destinados á investigación de mercado e plans de márketing, comunicación, estratexia, crecemento, refinanciamento ou reorientación do negocio, así como os dirixidos ao uso

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

das novas tecnoloxías. Tamén se poderán aprobar axudas para outros estudos ou plans que teñan como fin incrementar a competitividade da actividade empresarial.

Financiaranse, doutro lado, investimentos relacionados coa compra de maquinaria, ferramentas, equipamentos informáticos ou rótulos; coa reforma do local, a posta en marcha de aplicacións informáticas e páxinas web ou a creación de logotipos do negocio, así como a adquisición de mobiliario.

A convocatoria abrírase nas próximas semanas e apoiaranse os gastos que se teñan realizado desde o día seguinte á publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) ata o 31 de decembro.

O Bono Autónomo forma parte dun dos retos principais do Goberno galego para favorecer a consolidación da actividade deste colectivo. A Administración autonómica segue a poñer en marcha medidas sempre baseadas no diálogo con este colectivo estratéxico para Galicia co obxectivo de impulsar o seu crecemento, a súa consolidación e a súa competitividade.

Situación dos autónomos en Galicia

Galicia, pese á pandemia, é a comunidade autónoma cun emprego autónomo máis sólido. De feito, lidera a clasificación das comunidades con maior peso neste sector no total de afiliacións á Seguridade Social, cunha porcentaxe do 21,67%, catro puntos máis ca no Estado (17,35%). Os empregados galegos por conta propia presentan, ademais, maior fortaleza e capacidade de xeración de ingresos que a nivel estatal, así como maior estabilidade: un 94,7% dos autónomos galegos teñen na súa actividade a súa única fonte de ingresos e Galicia está, cun 63,5%, 7,7 puntos por riba na media nacional, nas iniciativas de máis de 5 anos de antigüidade. Así mesmo, Galicia conta co emprego autónomo máis igualitario de toda España: un 40,92% son mulleres fronte ao 35,88% do Estado (cun diferencial de máis de cinco puntos).

Esta realidade pon de manifesto que non só é importante dinamizar e tratar de que se cree o maior número de empresas posibles, senón tamén de deseñar os mecanismos necesarios para que as empresas creadas poidan sobrevivir, crecer e ampliar os seus mercados.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA APROBA O CONVENIO DE ADHESIÓN DA ESCOLA INFANTIL BREOGÁN DA USC Á GRATUIDADE PARA SEGUNDOS FILLOS E SUCESIVOS

- Trátase do único centro que, debido ao seu modelo de titularidade e xestión, precisa dun acordo específico para beneficiarse desta medida
- Estará dotado dun máximo de 180.000 euros para cubrir os gastos das prazas infantís desde o 1 de maio ata o remate do curso 2021/22
- O Goberno galego ofrece desde abril de 2020 esta posibilidade a todas as escolas públicas autonómicas, privadas, de iniciativa social e ás municipais que están ao día nos pagamentos ao Consorcio Galego de Igualdade e Benestar

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o convenio de adhesión da escola infantil Breogán, dependente da Universidade de Santiago de Compostela (USC), ao programa de gratuidade para segundos fillos e sucesivos que puxo en marcha en abril de 2020 a Consellería de Política Social. trátase dunha axuda á cal poden acollerse todas as escolas infantís públicas autonómicas, privadas, de iniciativa social e as municipais que están ao día cos pagamentos ao Consorcio Galego de Igualdade e Benestar.

O centro de educación infantil da USC é o único que precisa dun acordo específico para adherirse a esta medida debido ao seu modelo de titularidade e xestión. O Goberno galego achegará a través deste convenio un máximo de 180.000 euros para cubrir a gratuidade desde a súa entrada en vigor, o pasado 1 de maio, ata o remate do curso 2021/22.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA ACORDAN PROLONGAR ATA 2024 O CONVENIO DO CENTRO DE MENORES PRÍNCIPE FELIPE PARA BLINDAR 89 PRAZAS

- Trátase do primeiro acordo de carácter plurianual, que se estenderá ata o ano 2024
- A achega autonómica triplicarase progresivamente ao longo destes anos, ao pasar de 24 euros por praza e día a 68 no ano 2024

O Consello da Xunta de Galicia ratificou a prolongación do convenio de colaboración coa Deputación Provincial de Pontevedra para blindar 89 prazas do centro de menores Cidade Infantil Príncipe Felipe da cidade do Lérez. Trátase da renovación dun acordo que ten unha traxectoria de tres décadas, pero que por vez primeira conta con carácter plurianual e cunha vixencia que se prorrogará ata o ano 2024.

Nestas instalacións a Xunta financia a atención a menores nas súas 89 prazas: 65 de residencia —15 para nenos de ata 8 anos e outras 50 para maiores desta idade— e 24 de centro de día. A achega autonómica triplicarase nestes anos progresivamente, ao pasar dos 24 euros por praza e día actuais ata os 68 euros por praza e día no ano 2024.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

TURISTAS E PEREGRINOS CONTAN COA PROTECCIÓN EXTRA ACHEGADA POLO SEGURO CORONAVIRUS QUE ESTARÁ VIXENTE ATA O VINDEIRO 2022

- A iniciativa é de balde para os visitantes nacionais e internacionais que non residan en Galicia, que non deberán facer ningunha solicitude
- A medida, de carácter pioneiro e que comezou a funcionar a principios deste mes de xuño, estará vixente polo menos durante un ano

No marco das medidas inseridas no programa Galicia Destino Seguro, o Consello da Xunta de Galicia deu conta da posta en marcha do seguro coronavirus que está vixente desde o comezo do mes de xuño para todos os viaxeiros (turistas e peregrinos) non residentes en Galicia que viaxen Galicia e que se aloxen nun establecemento autorizado, é dicir, aqueles recollidos na Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, con reserva durante a súa estancia no período de cobertura do seguro.

Tamén están considerados como asegurados os peregrinos entendidos como as persoas físicas non residentes en Galicia que estean realizando o Camiño de Santiago, ben sexa a pé, a cabalo ou ben en bicicleta, e que conten coa credencial de peregrinos e con, polo menos, unha noite nun albergue ou hospedaxe da Comunidade Autónoma.

A póliza foi adxudicada á empresa Europ Assistance por importe de 1.054.000 euros para un período de 12 meses, o que permitirá que a póliza complementaria estea vixente ata o 31 de maio de 2022, con posibilidade de prorrogarse por un máximo de nove meses se houber necesidade. A medida abarcará, por tanto, aos 2,5 millóns de visitantes previstos nun ano ata que venza a póliza, sen prexuízo dos axustes se a cifra definitiva for maior ou menor.

Entre as coberturas que oferta este seguro atópanse os gastos médicos, cirúrxicos, farmacéuticos e de hospitalización incluída a Covid-19 ata os 5.000 euros; así como repatriación sanitaria ou por falecemento por Covid-19, ademais da prolongación de estadia por corentena con gastos ilimitados.

A cobertura prestarase de forma automática sen que sexa preciso que os visitantes teñan que solicitar o seguro. Terán que notificar a enfermidade a través do teléfono +34 915 149 959, e agardar a autorización correspondente para beneficiarse do seguro.

Medida pioneira

O informe recolle, ademais, que esta medida se considerou necesaria na medida en que comezou a mellora da situación sanitaria e o proceso de recuperación da demanda

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

turística. Neste contexto, desde o Goberno galego faise preciso seguir avanzando neste proceso de recuperación da confianza do viaxeiro coa posta en marcha dun seguro de asistencia na viaxe complementario aos seguros das viaxes propios. Deste xeito, Galicia volve situarse á vangarda da posta en marcha de medidas eficientes no proceso de recuperación do turismo, tanto pola súa eficacia coma pola súa anticipación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA INVISTE MÁIS DE 1,5 MILLÓNS DE EUROS PARA FACER FRONTE Á COVID-19 NA ÁREA SANITARIA DE VIGO

- Deste orzamento, máis de 800.000 euros dedícanse á adquisición de equipamentos de protección individual e uns 600.000 euros van para a compra de material para a detección do coronavirus
- A compra de todo este material e a contratación de obras e servizos xustifícase dentro do protocolo de actuación para facer fronte á epidemia da Covid-19 que elaborou no seu día o Comité de Expertos

O Consello da Xunta autorizou, na súa xuntanza desta mañá, a tramitación de emerxencia dun expediente de contratación, por valor total de 1.539.441 euros, para subministrar material fronte á Covid-19 na Área sanitaria de Vigo. O obxectivo desta compra é garantir e protexer a saúde e seguridade dos cidadáns e dos profesionais sanitarios, tendo en conta a demanda asistencial xerada polo coronavirus.

Dentro deste expediente destaca a adquisición de equipamentos de protección individual cun importe total de 815.217 euros. A meirande parte, 596.187 euros, destínase á compra de 5.241.000 luvas de protección, e complétase esta cantidade con outros 219.030 euros presupostados para mercar 700.000 máscaras e batas de protección individuais. O resto do orzamento recollido no expediente vai destinado a material de laboratorio para a detección da Covid-19, concretamente invístense 613.824 euros na adquisición de probas PCR de detección xenética Covid. A esta partida orzamentaria hai que engadir 81.600 euros para unidades de reactivos auxiliares e diverso tipo de material de microbioloxía e bioquímica, e 28.800 euros para probas rápidas de detección Covid en mostras orofarínxea/esputo.

A adquisición de todo este material e da contratación de obras e servizos detallados xustifícase dentro do protocolo de actuación para facer fronte á epidemia da Covid-19 que elaborou no seu día o Comité de Expertos no seguimento do coronavirus, e que prevé, entre outras medidas, a necesidade de facer provisión de materiais e recursos necesarios no caso de posibles rebrotes. O Comité de Expertos está formado pola Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade e a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Sergas, a Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061, representantes das áreas sanitarias e representantes médicos especialistas en enfermidades infecciosas e de urgencias hospitalarias.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA INICIA A TRAMITACIÓN DUN DECRETO PARA RECOÑECER, BLINDAR E ESTENDER OS APOIOS ÁS FAMILIAS MONOPARENTAIS

- A Lei de impulso demográfico recolle o compromiso de crear un Rexistro de Familias Monoparentais Galegas e a regulación da condición de familias monoparentais
- Esta estrutura de familia beneficiarse na actualidade de vantaxes como, por exemplo, un acceso prioritario a escolas infantís e colexios

O Consello da Xunta acordou o inicio da tramitación dun decreto que permitirá mellorar o recoñecemento, blindar a cobertura e estender os apoios ás familias monoparentais de Galicia. Un compromiso recollido na Lei de impulso demográfico aprobada recentemente polo Parlamento galego.

Neste texto legal, a Xunta de Galicia asume dous deberes fundamentais: a creación do Rexistro de Familias Monoparentais Galegas e a regulación da condición de familia monoparental. Ata ese momento esta estrutura de familia tan só tiña unha consideración especial na Lei autonómica de apoio á familia e á convivencia do ano 2011.

Esta mención permite concederlles certas vantaxes como, por exemplo, un acceso prioritario a escolas infantís e colexios. Con todo, segue sendo preciso unha normativa especial co obxectivo de ter unha radiografía concreta do número de familias monoparentais e da súa situación, xerar seguridade xurídica para elas e establecer un procedemento unificado para acceder aos posibles beneficios.

O Goberno galego continúa avanzando no seu obxectivo de adaptar as medidas autonómicas ás necesidades das diferentes familias. Para as que deciden vivir no rural, a través da creación de casas niño e casas do maior ou reducións fiscais para a compra de vivenda, e para todas as demais, a través da gratuidade das escolas infantís para segundos fillos e sucesivos ou a Tarxeta Benvida, que axuda de xeito directo as familias na compra de produtos básicos para os seus bebés.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA OFERTARÁ 271 NOVAS PRAZAS NOS CICLOS MEDIOS E SUPERIORES DOS SEUS CENTROS AGROFORESTAIS PARA O VINDEIRO CURSO 2021/22 E 626 CURSOS DE FORMACIÓN CONTINUA

- Así o recolle o informe sobre o Plan estratéxico da formación agraria en Galicia que vén de analizar o Consello da Xunta de Galicia
- A oferta supón consolidar os graos que se imparten nos centros de formación e experimentación agroforestal xestionados pola Axencia Galega da Calidade Alimentaria, dependente da Consellería do Medio Rural
- Ao tempo, aumentan tanto o número de accións de formación continua como o seu orzamento, que supera o millón de euros para este ano 2021
- Tamén se persegue incrementar o número de alumnos, con especial atención ao segmento de idade por baixo dos 40 anos

A Consellería do Medio Rural consolidará no vindeiro curso o seu Plan estratéxico da formación agraria en Galicia, co fin de facilitarlle ao sector agrario unha oferta formativa que impulse a súa sustentabilidade e competitividade. Nesa liña, no próximo curso 2021/22, a Xunta ofertará 271 novas prazas nos ciclos medios e superiores que se imparten nos centros de formación e experimentación agroforestal (CFEA) e 626 cursos de formación continua, tratando de atraer especialmente o segmento de idade por baixo dos 40 anos. Destas 626 iniciativas impartidas entre todas as unidades dependentes da Consellería do Medio Rural, 174 serán desenvolvidas polos CFEA.

O obxectivo principal desta formación -continua e regrada- é mellorar a produtividade e xeración de valor engadido no rural. Para iso, búscase potenciar o relevo xeracional para consolidar un modelo produtivo sólido e sustentable do agro galego.

Formación regrada

A Consellería do Medio Rural conta con seis centros de formación agraria xestionados pola Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal), onde se consolidarán os seus distintos ciclos medios e superiores de carácter agroforestal no vindeiro curso 2021/22. Cabe lembrar que no presente curso, como novidade, se implantou o grao medio en aproveitamento e conservación do medio natural no CFA Pedro Murias de Ribadeo. Este curso en modalidade FP dual supuxo inaugurar o polo de formación forestal da Mariña, xa que esta iniciativa xa estaba implantada no IES San Rosendo, de Mondoñedo.

No presente curso tamén se implantou -neste caso, no CFEA de Guísamo- o grao medio en xardinaría e floraría non presencial e o grao superior en paisaxismo e medio rural non

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

presencial. Así, no vindeiro curso 2021/22 será a primeira vez que se impartan os segundos cursos destes ciclos, substituíndo o formato presencial.

Canto ás prazas ofertadas, no próximo curso habilitaranse 12 no grao medio de aproveitamento e conservación do medio natural do CFA Pedro Murias de Ribadeo, 20 prazas máis no grao medio en aproveitamento e de conservación do medio natural do CFA Lourizán e outras 20 no grao superior en xestión forestal e do medio natural, tamén en Lourizán.

Canto ao CFA Becerreá, ofertaranse 20 prazas no grao medio en aproveitamento e de conservación do medio natural e 22 no grao superior en xestión forestal e do medio natural. No que respecta ao CFEA de Guísamo, haberá un cento de prazas: 50 no grao medio de xardinaría e floraría e outras 50 no grao superior de paisaxismo e medio rural.

Por último, no CFA de Sergude, ofertaranse 22 prazas no grao superior de gandería e asistencia en sanidade animal, o máis demandado e exclusivo deste centro. Mentres, haberá 20 prazas no grao medio en aproveitamento e conservación do medio natural, outras 20 no grao medio de produción agropecuaria e 15 máis no grao medio en produción agroecolóxica.

Cómpre engadir que no CFA de Monforte de Lemos non se imparten ciclos senón cursos de formación continua, como o de aptitude empresarial para menores de 40 anos ou o de carné de fitosanitarios.

Botando a vista atrás, cabe destacar que -dende o curso 2016/17- un total de 1.886 alumnos recibiron formación regrada nalgún dos CFEA da Consellería do Medio Rural.

Formación continua

As accións xa aprobadas e resoltas de formación continua a través da Agacal para o 2021 supoñen tanto un incremento no número de iniciativas -626- como do orzamento -1.029.316 euros-. Tamén se persegue aumentar o número de alumnos, tratando de alcanzar o segmento de idade de menores de 40 anos.

Canto ao feito no 2020, cabe sinalar que se solicitaron 600 accións de formación continua no ámbito rural, orientadas principalmente á mellora da competitividade dos produtores primarios a través de sistemas de calidade, do valor engadido ou da promoción en mercados locais, así como á mellora dos resultados económicos das explotacións. En concreto, máis do 50% destas accións estaban relacionadas con xornadas formativas itinerantes sobre produción de carne, os queixos galegos con DOP, consellos reguladores e organismos de control da calidade, planificación e deseño das plantacións, nocións básicas para o aproveitamento dos soutos, divulgación do potencial resinero dos piñeiros galegos, o decreto de artesanía alimentaria ou a IXP Pan Galego.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

Respecto dos alumnos, desde o ano 2016, un total de 22.494 persoas recibiron formación continua organizada pola Agacal, máis de 2.700 delas o ano pasado.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA GARANTE A VENDA E O CONSUMO SEGURO DE ARREDOR DE 250.000 TONELADAS DE MEXILLÓN CON 10.000 ANÁLISES ANUAIS DE BIOTOXINAS

- O Consello da Xunta de Galicia analizou hoxe un informe relacionado co labor do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño para asegurar a extracción deste recurso cultivado en batea
- O Intecmar identifica os distintos tipos de biotoxinas mariñas que existen e a súa presenza por zonas e con base nos estritos controis que realiza establece os peches de zonas de produción afectadas por este fenómeno natural para protexer a saúde pública e a calidade dos moluscos bivalvos
- Entre os anos 1998 e 2020 as biotoxinas lipofílicas son as que causaron a maior parte dos peches de polígonos de bateas de mexillón cunha media de afectación de máis do 25% do ano

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre os períodos de prohibición da extracción de mexillón nos polígonos de bateas de Galicia como consecuencia das biotoxinas entre os anos 1998 e 2020. Este documento reflicte que as 10.000 analíticas anuais de biotoxinas realizadas polo Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño (Intecmar) permiten a venda e o consumo de arredor de 250.000 toneladas de mexillón con todas as garantías hixiénico-sanitarias.

Este centro dependente da Consellería do Mar identifica os distintos tipos de biotoxinas mariñas que existen e a súa presenza por zonas e con base nos estritos controis que realiza establece os peches de zonas de produción afectadas por este fenómeno para protexer a saúde pública e a calidade dos moluscos bivalvos. A existencia das especies de fitoplancto tóxico é un fenómeno natural, xa que ten a súa orixe na riqueza fitoplanctónica das augas e repítese na maior parte das zonas de produción de moluscos bivalvos do planeta.

Ademais, o informe sinala que o Intecmar realiza preto de 2.000 informes previos á extracción e máis de 300 resolucións anuais de prohibición ou autorización de extracción de moluscos nas zonas de produción, a maioría delas relacionadas co control das biotoxinas.

En relación cos períodos de prohibición de extracción de mexillón das bateas durante os últimos 23 anos, o documento conclúe que as biotoxinas lipofílicas son as que causaron a maior parte dos peches e que a media de afectación abarca máis do 25% do ano. Ademais amosa que en todas as rías os polígonos de bateas situados máis ao exterior son os que tiveron un maior número de días de peche.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

Os anos en que se rexistraron períodos de prohibición da extracción máis prolongados como consecuencia desta biotoxina foron 2005 e 2013, mentres que os de menor afectación foron 2008 e 2017. Por zonas, a ría de Pontevedra é a que rexistra máis períodos de prohibición da extracción e a ría de Arousa foi a menos afectada.

No caso da biotoxina PSP (paralizante) a media de afectación no período 1998-2020 abarca o 1,5% do ano. A ría de Arousa foi a menos afectada e a de Pontevedra a que rexistrou máis días de peche de polígonos de mexillón. En canto á biotoxina ASP (amnésica), o informe expón que a súa afectación media supón o 1% do ano. En relación coas zonas, a menos afectada por este tipo de biotoxina tamén foi a ría de Arousa e as que apuntaron máis días de prohibición de extracción foron as rías de Muros e Noia e Ares-Betanzos.

Este labor de control de niveis de biotoxinas desenvolvido polo Intecmar garante a seguridade alimentaria dos moluscos como o mexillón e evita que estes episodios paralicen a produción galega coa división das zonas de produción en subzonas de menor tamaño e un elevado número de puntos de seguimento.

Ademais, a difusión da situación das zonas de produción a través da páxina web do Intecmar contribúe a crear confianza no consumidor para que siga comprando mexillón galego durante todo o ano. De feito, o labor deste centro foi clave durante a declaración do estado de alarma causado pola Covid-19, pois as súas funcións declaradas esenciais contribuíron ao abastecemento de moluscos, fundamentalmente mexillón, con todas as garantías hixiénico-sanitarias.

O Intecmar

O Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia foi creado como ente público en 2004, como instrumento oficial da Comunidade para o control da calidade do medio mariño, contribuíndo á súa protección e mellora, e para a aplicación das disposicións legais en materia de control técnico-sanitario dos produtos do mar. Nese momento asumiu as competencias, o persoal e as instalacións do antigo Centro de Control do Medio Mariño (CCMM) e ampliou as súas funcións. Na actualidade conta con 3.600 metros cadrados de instalacións nas cales prestan servizo 87 empregados públicos.

O centro conta coa acreditación da ENAC desde marzo de 1999 e desde entón foi renovando e ampliando as acreditacións para distintos tipos de ensaios. Proba desta renovación constante de equipamentos e técnicas é a ampliación do alcance de acreditación en catro novos ensaios, outorgada pola Entidade Nacional de Acreditación (ENAC) a finais de 2020. Un dos novos ensaios acreditados é a determinación de toxinas paralizantes de molusco (PSP) mediante o método químico que é realizado pola Unidade de Biotoxinas. Nestes 21 anos de acreditación o instituto superou con éxito as auditorías externas a que foi sometido.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal